



CONCELLO DE TUI

BANDO

SOBRE A OBRIGA DE MANTER OS TERREOS E SOLARES NAS DEBIDAS CONDICIÓN DE LIMPEZA, SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO E MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

D. Carlos Vázquez Padín, Alcalde-Presidente do Concello de Tui, **FAI SABER:**

Que de conformidade co disposto no artigo 135.1.c, da Lei 2/2016, do solo de Galicia, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles.

Tendo coñecemento da existencia de maleza e monte baixo en moitas parcelas deste Concello, lémbrese aos titulares dos terreos e solares, que deben proceder, de ser necesario, a limpalos de maleza, retirar os residuos que se poidan atopar neles (lixo, entullos, etc.) e, en especial, os restos que supoñan un risco de incendio, como leña, polas, vexetación seca, cortizas ou materiais semellantes de fácil combustión, cara evitar posibles danos as persoas e bens.

Advírtese de que o incumprimento desta obriga e a negativa a atender ás ordes de execución que con tal motivo se diten por este Concello, levarán consigo a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente ata que se cumpra integramente o ordenado, podendo tamén a administración municipal acudir á execución forzosa subsidiaria a custa do infractor. Todo isto sen prexuízo de que se poidan esixir perante os tribunais da orde penal as responsabilidades que procedan polo delito de desobediencia tipificado no Código Penal.

Así mesmo se fai saber que a Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Artigo 21), modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e pola Lei 9/2017, 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, regula diversas obrigas, entre as que cabe sinalar as seguintes:

“.../...será obrigatorio para as persoas que resulten responsables consonte o artigo 21 ter (persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre terreos forestais e terreos situados nas zonas de influencia forestal), xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, nunha franxa de 50 metros:

a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

b) Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

c) Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

2. Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros mencionada no número anterior non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.../...”

Asímesmo, se recorda a necesaria observancias destas obrigas no prazo previsto no artigo 22 da devandita lei, que con carácter xeral fixa no fin do mes de maio de cada ano.

SOLICÍTASE da cidadanía en xeral a maior colaboración no cumprimento das obrigas indicadas neste bando, cunha conduta responsable que contribúa a mellorar as condicións de limpeza, salubridade e ornato dos terreos e soares do noso municipio, así como evitar ao máximo o risco de incendios forestais e dar cumprimento ao establecido pola lexislación vixente nesta materia.

Tui, O Alcalde.

Documento asinado dixitalmente á marxe.